# PROGRAMACIÓN
# NEGREIRA 2025

## REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

**2º SEMESTRE**

**Auditorio Afonso Eanes do Cotón**

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

CONCELLO DE NEGREIRA

cultura CONCELLO DE NEGREIRA

Entradas en: woutick.es

# PROGRAMACIÓN
# Artes Escénicas 2025

Público Adulto

Todos os públicos

## AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

### PASARRÚAS - Feira do Románico

06
Set.
Sábado




ERRANTES
Troula Animación

22:30 h — **GRATUITA**

### TEATRO - Comedia

24
Out.
Venres




AS R(H)UMOROSAS
Etiqueta Negra Producciones

21:00 h — **5€**

### TEATRO - Comedia

15
Nov.
Sábado




LAS PRECIOSAS RIDÍCULAS
Arroz con Costra Producciones - Culturactiva

21:00 h — **5€**

### TEATRO - Drama

21
Nov.
Venres




SEN LINGUA
Serea Teatro

21:00 h — **5€**

TICKET

Venda anticipada en www.woutick.es
ou na Delegación de Cultura de luns a venres

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS · CONCELLO DE NEGREIRA · cultura CONCELLO DE NEGREIRA · Entradas en: woutick!es

FEIRA DO ROMÁNICO XVIII

# ERRANTES

## Troula Animación

**DURACIÓN:** 80 min
**CLASIFICACIÓN:** PASARRÚAS

22:30 h

06
Setembro
Sábado




Todos os públicos

En noites de lúa nova a cidade vólvese escura..., orcos, trolls e animalias... seres saídos da máis profunda escuridade dos tempos, envolvéndonos no seu delirio e facéndonos partícipes da súa loucura, lévannos a unha peregrinación eterna transportando no seu carro a maior das súas demencias: O ORLOC.





AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

# AS R(H)UMOROSAS

## Etiqueta Negra Produccions

24
Outubro
Venres

**DURACIÓN:** 80 min
**CLASIFICACIÓN:** COMEDIA

21:00 h



Público Adulto

**Interpretación, Texto, Espazo escénico e Dirección: Marta Doviro, Carmen Méndez e Ledicia Sola**

***SINOPSE***

“Só unha de cada dez rúas ten nome de muller”

. A partir desta noticia real As R(h)umorosas comezan a procura de mulleres ilustres galegas para actualizar os rueiros do noso país. As candidatas a ter unha rúa co seu nome teñen que demostrar a súa valía durante un peculiar proceso de selección.
Nesta comedia orquestada por Carmen Méndez, Marta Doviro e Ledicia Sola, coñeceremos, entre rumor e humor, máis detalles das vidas destas mulleres galegas dun xeito diferente e divertido.
As R(h)umorosas falan, cantan e bailan para dar vida a estas mulleres e serán tamén xuíz e parte nesta escolla.

***Enlace a vídeo: https://www.youtube.com/shorts/Dh_8bgVNOHU***

AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

# LAS PRECIOSAS RIDÍCULAS

## Arroz con Costra Producciones - Culturactiva

**DURACIÓN:** 70 min
**CLASIFICACIÓN:** COMEDIA

21:00 h

15
Novembro
Sábado



Público Adulto
+13 anos

*SINOPSE*

Las preciosas ridículas , escrita por Moliere en el siglo XVII, sigue siendo relevante en la sociedad actual y hay razones importantes que me han llevado a trasladarla al siglo XXI , como por ejemplo ponerla en la era digital donde las redes sociales afectan la vida y la relaciones de muchas personas, nos obsesionamos por la imagen pública, necesitamos la validación en línea y desde luego la superficialida que a menudo acompañan a las plataformas digitales. Por otro lado, es importante resaltar a la mujer de hoy en día, promover el empoderamiento femenino y darle más visibilidad que nunca. Hoy, las mujeres tienen un papel relevante y decisivo en la toma de decisiones sobre sus vidas .
Con mucho respeto y honor a Moliere, #LasPreciosasRidículas invita a reflexionar sobre cuestiones contemporáneas y universales, al tiempo que demuestra que el teatro clásico puede seguir siendo una fuente de inspiración y debate en la sociedad actual. Es una oportunidad para explorar la intersección entre el pasado y el presente, y para celebrar la atemporalidad de las grandes obras teatrales.

***Enlace a vídeo: https://youtu.be/FziRyLk7kBM?si=0GRcGMGRurTwhDAD***

AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

# Sen Lingua

## Serea Teatro

**DURACIÓN:** 57 min
**CLASIFICACIÓN:** DRAMA

21:00 h

21
Novembro
Venres



Público Adulto

Sen Lingua nace para suplir a falta de pezas teatrais que falen da realidade. Do que nos doe, do que nos afecta, do que ninguén fala en alto. Do que se agocha, do que soamente se dí cando xa todo pasou e xa nada podemos facer. A violencia de xénero contada dende a voz da muller, á que tantos queren calar tapándolle a boca coa man.

***SINOPSE***

Nunha sala de espera dunha prestixiosa coach emocional agarda un matrimonio. Amador é un un financieiro de éxito, Amanda é avogada laboralista pero xa non exerce. O home está ansioso por marchar dalí. Hai un asunto moi importante que ten que solucionar, o seu futuro depende dilo, pero ningún dos dous poden sair da sala. Amador comeza a falar, Amanda atende. O home dirixe a conversa en todo momento e non deixa que Amanda partícipe. Amanda busca desesperadamente camiños para expresarse, pero Amador non a ve, non a escoita, non a sinte. Amanda vais facendo invisible, pequena, muda. Amador vaise facendo grande, omnipresente, amenazante, un monstro con dúas linguas.

# NORMAS E INSTRUCIÓNS

## VENDA DE ENTRADAS

Venda anticipada en www.woutick.es ou na Delegación de Cultura de luns a venres en horario de mañan.

No Centro Sociocultural o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (de haber entradas disponibles).

Coa finalidade de facilitar a asistencia aos espectáculos e potenciar a participación establécese un prezo reducido do 30% do custo ordinario da entrada de teatro adulto a persoas pensionistas, mozos e mozas co carné Xove. Custo final co desconto 3,5€ *(no control de accesos do Auditorio poderá solicitarse a documentación acreditativa para comprobar a condición do desconto).*

A venda d e entradas pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes da hora prevista d e comezo d o espectáculo. Unha vez comezado o espectáculo ninguén poderá acceder á sala.

Non se admiten cambios ni devolucións.

## NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO

Solicítase a máxima colaboración para anticipar a hora de chegada e así evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.

As portas d e acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.

TODO o público deberá contar con entrada, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder a o recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme a o aforo dos recintos. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.

A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, e solicitase que na medida do posible se respecte esta recomendación de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.

Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo o u gravadoras; tampoco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita d o organizador; en todo caso, actuarase conforme os acordos e a lexislación vixente que corresponda.

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS
CONCELLO DE NEGREIRA
cultura CONCELLO DE NEGREIRA
Entradas en: woutick!es